



**MODIFICACIÓN DA NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN E DA NORMATIVA
SOBRE MATERIAS OPTATIVAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN

Onde di

**1.- MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS E OPTATIVAS DE PLANOS DE ESTUDO
VIXENTES**

*11. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa **que foi ofertada con dobre carácter**, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos, o cambio de carácter de dita materia. Se o cambio é de libre configuración a optativa, deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.*

Debe dicir

**1.- MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS E OPTATIVAS DE PLANOS DE ESTUDO
VIXENTES**

11. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos na mesma titulación, o cambio de carácter a **libre elección** de dita materia. Así mesmo, se a materia foi cursada como libre elección, poderá solicitar o seu cambio a optativa, e a materia deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

NORMATIVA SOBRE MATERIAS OPTATIVAS

Onde di

III. RÉXIME ACADÉMICO DAS MATERIAS OPTATIVAS

*22. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa **que foi ofertada con dobre carácter**, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos, o cambio de carácter de dita materia. Se o cambio é de libre configuración a optativa, deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.*

Debe dicir

III. RÉXIME ACADÉMICO DAS MATERIAS OPTATIVAS

22. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa, poderá solicitar no seu centro para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos na mesma titulación, o cambio de carácter a **libre elección** de dita materia. Así mesmo, se a materia foi cursada como libre elección, poderá solicitar o seu cambio a optativa, e a materia deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

